

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

Bases de convocatoria do IV Concurso de Guións Contra a Violencia de Xénero, ano 2017

Por Resolución da Presidencia n.º 2017/31109 aprobáronse as Bases e orzamento da convocatoria do IV CONCURSO DE GUIÓNS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ANO 2017 que de seguido se transcriben:

IV CONCURSO DE GUIÓNS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO BASES DA EDICIÓN, ANO 2017

PREÁMBULO

Considérase necesario o apoio institucional para alcanzar a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade, xa que é unha responsabilidade da cidadanía traballar conxuntamente para lograla. Por este motivo dende a Deputación Provincial da Coruña quérese xerar reflexión e conciencia na mocidade, xa que son un vehículo de transmisión e motor do cambio e do futuro, ademais de fomentar a súa participación nunha actividade creativa de sensibilización a través da edición dun guión, dedicado a concienciar a poboación, en xeral, dos motivos polos que debemos xuntar os nosos esforzos para combater a violencia de xénero e erradicar esta lacra social.

BASES

PRIMEIRA

O obxecto do certame é elaborar un guión de curtametraxe a través do cal se xere reflexión, conciencia, sensibilización e prevención da violencia de xénero. Preténdese que a través da elaboración do guión a poboación adolescente cree debate, mobilización, fomite a súa creatividade mentres reflexionan sobre a importancia de combater e denunciar a violencia de xénero e, así mesmo, a través do guión expoñan os motivos polos que se deben xuntar esforzos para combater esta lacra social.

Así mesmo, o obxecto do concurso procura a participación e compromiso da comunidade educativa como pilar necesario para guiar e orientar no proceso de creación.

Paralelamente o concurso promove o traballo en equipo, así como a aprendizaxe do medio audiovisual.

SEGUNDA.-Participantes.

Poderán participar todas as persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, que cursen educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou outro tipo de formación análoga, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou preferentemente en grupo (máximo 6 participantes por grupo), supervisados e titorizados por persoal docente do centro público de estudos ao que se adscribe, pertencentes á provincia da Coruña, e apoiados pola Dirección do centro.

Cada participante só poderá presentar un único guión orixinal e inédito, non premiado con anterioridade.

Non poderán participar as persoas gañadoras en edicións anteriores.

Empregará a lingua galega e a perspectiva de xénero.

TERCEIRA.-Temática.

O premio concederáse ao mellor guión onde se combinen aptitudes artísticas e creativas do alumnado na creación dun guión creativo, con impacto social e potencialidade audiovisual, orixinal e non publicado que en tan só uns minutos pretenda concienciar a poboación, en xeral, dos motivos polos que debemos xuntar os nosos esforzos para combater a violencia de xénero e erradicar esta lacra social.

Terase en conta a viabilidade da posterior produción audiovisual.

Os textos empregados deberán respectar os principios da lexislación vixente en políticas de igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero.

CUARTA.–Formato.

O guión editarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Identificarase cun título.
2. Redactarase con formato courier 12, interliñado sinxelo, aliñado á esquerda con numeración de escenas e páxinas. Máximo 4 páxinas de guión (previsto para unha produción aproximadamente de 3 ou 4 minutos).
3. Deberá conter, polo menos, as seguintes partes; encabezado de escena, descrición/acción, personaxe, diálogo (de ser o caso), anotación ou paréntese, transicións, e planos.
4. Presentarase en papel e en soporte dixital. O guión impreso non poderá ir asinado co nome, a única referencia será o título.
5. O idioma empregado será o galego, e engadirase a perspectiva de xénero.

QUINTA.–Premio.

Outorgarase un único premio ao guión gañador que consistirá nun curso práctico de realización de curtas, no que se producirá o vídeo con base no guión gañador que se adaptará segundo as necesidades e onde as persoas participantes poderán ser partícipes e protagonistas en todo o proceso.

Así mesmo, outorgarase un premio en metálico de 4.000 euros ao centro educativo que titorice o guión gañador.

Esta cantidade aboarase unha vez realizado o proxecto e está suxeita ás retencións legais que sexan de aplicación.

O xurado poderá facer unha mención honorífica a algún outro guión pola súa calidade técnica e impacto social.

Posteriormente e para a participación da edición da produción e gravación audiovisual pedirase a autorización por escrito, tanto do centro educativo, como do/a titor/a legal das persoas participantes.

As persoas participantes recibirán unha copia da curta xa editada e poderán participar da súa presentación nos medios que se estimen oportunos, seguindo as directrices da deputación.

A deputación resérvase o dereito a facer uso dos guións e da produción audiovisual, cedéndolle á autora ou autor os dereitos por tempo indefinido para que a deputación poida empregalas para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

SEXTA.–Prazo e forma de presentación dos traballos.

Prazo: o prazo de admisión de guións ábrese o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e péchase aos 30 días naturais.

Forma de presentación: o guión entregarase en soporte papel e dixital nun sobre pechado (1), no exterior do sobre indícarase IV Concurso de guións contra a violencia de xénero 2017 e un título como identificador do guión.

Dentro deste sobre irá:

1. O guión en soporte papel e dixital (CD, DVD, lapis de memoria, etc) identificado co título.
2. Un sobre pechado co título no exterior, e no seu interior a folla de aceptación dos compromisos e autorización de datos de carácter persoal (anexo 1) cos datos requiridos.

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña n.º 2, 15003 A Coruña, ou consonte co indicado no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indicando no exterior do sobre: IV CONCURSO GUIÓNS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, 2017.

SÉTIMA.–Composición e actuación do xurado.

O xurado estará presidido pola Presidencia da deputación ou persoa na que delegue e formarán parte del a deputada da Área de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, persoal do Servizo de Acción Social, Cultural e Deporte, así como de dúas persoas de recoñecido prestixio no eido do deseño gráfico e produción audiovisual.

Actuará como secretario o da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue. Esta será a persoa encargada de abrir o sobre dos traballos que resulten finalistas.

O xurado actuará en pleno, será necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O réxime xurídico e de funcionamento do xurado será o disposto nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

Así mesmo, o xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

OITAVA.-concesión e entrega dos premios.

A concesión darase a coñecer a través dos distintos medios de comunicación.

A entrega do premio celebrarase posteriormente nas dependencias da deputación e avisaranse as persoas gañadoras con antelación.

NOVENA

Non se devolverán os traballos presentados e non premiados. A partir do día seguinte á concesión do xurado dos traballos premiados os outros poderán ser destruídos.

DÉCIMA

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 13 de setembro de 2017.

O presidente

O secretario

Valentín González Formoso

José Luís Almau Supervía

IV CONCURSO DE GUIÓNS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ANO 2017

FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA (ANEXO 1)

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE (cubrirase un impreso por cada persoa participante. No caso dos grupos o/a docente ou persoa que supervise o guión e o centro de estudos deberá ser o mesmo senón queda invalidada a participación)

Nome e apelidos/ NIF	Data de nacemento	
Enderezo		
Localidade/Concello	Código postal	Teléfono
Centro escolar ao que pertence:	CIF:	Docente que supervisa o guión:
Director/a do centro educativo	Teléfono e correo electrónico da Dirección do centro	
Título do guión:		

Outros datos:

Achégase fotocopia do DNI da persoa participante.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polo que se lle ceden os

dereitos para que a deputación poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

Lugar e data _____

(sinatura da persoa participante)

(sinatura do/a docente que titorice)

(sinatura da Dirección do centro)

Autorización para a publicación dos datos persoais* e cesión de imaxe das persoas participantes menores de idade no IV Concurso de guións contra a violencia de xénero.

Don/dona _____,
con DNI _____, como pai/nai ou titor/a do/a menor _____
_____, autorizo á Deputación da Coruña para que empregue os datos de carácter persoal e imaxes para fins de difusión e publicidade que se considere conveniente no marco do fomento da igualdade de xénero.”

_____, ____ de _____ de 2017.

Asinado

(pai, nai, titor/a legal)

*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

*Cada unha das persoas participantes na autoría do guión cubrirá este documento e engadirase no sobre pechado (2) depositado no interior do sobre (1) que contén o traballo.

2017/9403